



"Ponte a proba na rede"

Concurso turístico e cultural

O Concello de Ponteceso organiza, a través da Área de Turismo, a actividade denominada **"Ponte a proba na rede"**

O obxectivo e a finalidade de **"Ponte a proba na rede"** é a de fomentar o **uso das novas tecnoloxías, e os coñecementos** sobre o territorio do concello de Ponteceso especialmente, e tamén sobre a bisbarra de Bergantiños, A Costa da Morte, Galicia, Europa....

As/os participantes deberán responder un **cuestionario semanal** de **cinco preguntas** relacionadas coa cultura, co deporte coa lingua, coa etnográfica, coa xeografía, co turismo rural, co medio ambiente, co asociacionismo, coa xuventude, coas novas tecnoloxías...

BASES

1ª-A documentación,

Os formularios de preguntas e respostas estarán na páxina web do Concello de Ponteceso no enderezo www.ponteceso.net

2ª-Participantes.

Poderán participar neste concurso **"Ponte a proba na rede"** as persoas que o desexen, de calquera poboación e idade

3ª-Data de inscrición:

***Ata o día 23 de outubro ás 12:00h**

As persoas interesadas en participar en **"Ponte a proba na rede"** deberán cubrir un formulario cos datos persoais, creando unha conta na Plataforma PAD (de non tela). A Plataforma poden acceder dende o menú dereito da web www.ponteceso.net. Unha vez validados os datos entregarase unha copia do dni, ben por correo electrónico, por fax ou presencialmente.

Cada participante terá unha clave de acceso /nick, que el mesmo escollera ó crear unha conta en PAD.

4ª-Duración, calendario, datas e fases de "Ponte na rede "

do 24 de outubro de 2008 ata ao 09 de abril de 2009

esta actividade constará de 3 fases

A 1ª fase será de 8 semanas: do 24/10 de 2008 ao 22/01 de 2009

A 2ª fase será de 6 semanas: do 23/01 de 2009 ao 19/03 de 2009

A 3ª fase será de 3 semanas: do 20/03 de 2009 ao 09/04 de 2009

5ª-Preguntas e respostas. Datas e prazos

-As preguntas e as respostas serán en galego

-As/os participantes deberán utilizar a toponimia oficial de Galicia

-Os/as participantes só poderán marcar ou dar unha resposta a cada pregunta

-As **preguntas** estarán na páxina www.ponteceso.net, **os venres** ás 13:00h

-O prazo para responder o cuestionario rematará o xoves da semana seguinte, ás 13:00h

-As respostas correctas a cada cuestionario estarán na páxina de web www.ponteceso.net o venres seguinte ás 13:00h

6ª-Clasificación.

Cada semana, o persoal da Área de Turismo fará unha clasificación das/dos participantes en función das respostas correctas

7ª- Premios.

Logo de que remate o concurso, as/os tres finalistas recibirán os seguintes premios en función da súa puntuación e da súa clasificación

1º-Premio: un fin de semana para dúas persoas nunha casa de turismo rural* ou/material informático,cultural ou deportivo(valorado en 200€)**

2º-Premio:actividades para dúas persoas nunha empresa de turismo activo * ou material informático,cultural ou deportivo (valorado en 100€)**

3º-Premio:material informático, cultural ou deportivo (valorado en 80€)**

*na costa da morte *en días verdes/temporada baixa

**este material mercarase no concello de Ponteceso

***Non se darán premios en metálico

8ª-Dúbidas e reclamacións.

No caso de dúbidas e de reclamacións será o persoal da Área de Turismo o que analice e resolva cada reclamación.

9ª-Modificacións.

A Área de Turismo poderá levar a cabo calquera modificación que crea convinte no desenvolvemento da actividade, e que será comunicada na páxina web www.ponteceso.net

10ª-Aceptación da bases

O feito de participar na actividade "**Ponte a proba na rede**" implica aceptar as bases deste concurso.

calendario

1ª Fase	
1ª semana	do 24/10/2008 ao 30/10/2008
2ª semana	do 31/10/2008 ao 06/11/2008
3ª semana	do 07/11/2008 ao 13/11/2008
4ª semana	do 14/11/2008 ao 20/11/2008
5ª semana	do 21/11/2008 ao 27/11/2008
6ª semana	do 28/11/2008 ao 04/12/2008
7ª semana	do 09/01/2009 ao 15/01/2009
8ª semana	do 16/01/2009 ao 22/01/2009
2ª Fase	Pasan os 10 primeiros clasificados
1ª semana	do 23/01/2009 ao 29/01/2009
2ª semana	do 30/01/2009 ao 05/02/2009
3ª semana	do 06/02/2009 ao 12/02/2009
4ª semana	do 13/02/2009 ao 19/02/2009
5ª semana	do 20/02/2009 ao 26/02/2009
6ª semana	do 13/03/2009 ao 19/03/2009
3ª Fase	Pasan os 6 primeiros clasificados
1ª semana	do 20/03/2009 ao 26/03/2009
2ª semana	do 27/03/2009 ao 02/04/2009
3ª semana	do 03/04/2009 ao 09/04/2009

Instrucións para inscribirse en “Ponte a proba na rede”



1. Hai que **rexistrarse na Plataforma de Alfabetización Dixital. PAD.** Este é requisito para participar en calqueira actividade informática organizada polo concello. Rexistrarse na plataforma non implica estar inscrito en ningunha actividade.

2. Se se desexa participar nunha actividade, neste caso en **Ponte a proba na rede** debemos **escoller a opción Matricularse nun curso.**

3. Despois aparecerán as categorías de actividades dispoñibles na plataforma, **escollemos a categoría Concursos.**

4. Finalmente **escollemos a actividade Ponte a proba na rede,** ó carón, na súa dereita aparecerá un lápiz para poder **pinchar enriba del e matricularse neste concurso.** Quedamos así inscritos.

5. Posteriormente para acceder a actividade deberase ingresar no sistema co nome de usuario e contrasinal indicado e escoller esta actividade para ver a súa web.

